

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE SETEMBRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal).

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da Conta Xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2015.

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Informe sobre as actuacións de integración paisaxística nos camiños de Santiago no concello de Santiago de Compostela.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o Programa de axudas ás aceleradoras privadas de apoio ao emprendemento innovador.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a campaña de vacinación antigripal 2016.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o estado de execución das axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade agroalimentarias.
- Informe sobre a execución de actuacións urxentes para a recuperación do potencial forestal en zonas afectadas polos incendios forestais do verán do 2016.
- Informe sobre a Orde do 22 de setembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para a concesión directa das axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados e por danos nas explotacións agrícolas e gandeiras ocasionados polos incendios forestais e se convocan para o ano 2016.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre as ordes da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP).

## **A XUNTA APROBA UN NOVO PLAN DE EMERXENCIAS QUE MELLORA A SÚA EFICACIA E OPERATIVIDADE ANTE POSIBLES INUNDACIÓNS**

- *O Goberno galego actualiza o Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia, Inungal, cuxa anterior versión databa do ano 2002*
- *Unha das principais novidades deste plan é que actualiza a análise de riscos, xa que tamén recolle o risco derivado da rotura catastrófica de presas*
- *Establece os concellos que deben elaborar o seu propio plan de actuación municipal, atendendo ao histórico de enchentes do 112 nos últimos dez anos*
- *O novo plan antiinundacións da Xunta tamén simplifica os grupos operativos actuantes e integra a Axega, novos grupos de intervención e medios específicos*

O Consello da Xunta de hoxe deu luz verde ao novo Plan especial de protección civil ante o risco de inundacións en Galicia (Inungal), despois de obter o visto e prace da Comisión Galega de Protección Civil e da Federación Galega de Municipios e Provincias.

O obxectivo deste plan é minimizar os riscos que poidan derivar dunha situación de emerxencia por inundacións en Galicia, polo que actualiza o plan vixente, que data do ano 2002, e se adapta á normativa actual e aos cambios producidos desde entón na xestión deste tipo de emerxencias.

O Inungal establece a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade lle corresponda á Xunta de Galicia e os que poidan ser asignados ao plan por outras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, coa finalidade de lles facer fronte ás emerxencias que poidan darse en caso de inundacións.

### **Amplía a análise de riscos**

Unha das principais novidades do plan é que actualiza a análise de riscos, e ademais de recoller a información elaborada polos organismos de bacía en canto ás áreas con risco potencial significativo de inundación, tamén recolle o risco derivado da rotura catastrófica de presas. Así mesmo, tras o estudo dos incidentes de enchentes comunicados ao Centro de Atencións ás Emerxencias 112 Galicia nos últimos dez anos, se establecen os concellos de Galicia que deben elaborar o seu propio plan de actuación municipal.

### **Simplifica os grupos operativos**

O novo plan antiinundacións da Xunta tamén simplifica os grupos operativos actuantes para mellorar a súa eficacia e operatividade, e integra a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e os medios e recursos propios, así como novos corpos de intervención (Unidade Militar de Emerxencia) e medios específicos, como o Grupo

Especial de Actividades Subacuáticas da Garda Civil (GEAS), a Unidade de Intervención en Inundacións da Policía Autonómica e o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes (GIPCE).

### **Actualiza os medios de previsión e alerta**

Como últimas novidades, o plan integra os plans de emerxencia de presas e establece a activación en función da emerxencia declarada na infraestrutura; actualiza os medios de previsión e alerta meteorolóxica e hidrolóxica; e recolle no seu comité asesor aos organismos de bacía que non estaban creados cando se aprobou o novo plan. Ademais, recolle de xeito claro cando e como activar o plan, en función do tipo de alerta recibida e conforme o establecido na Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións.

## **A CONTA XERAL RATIFICA QUE A XUNTA DE GALICIA VOLVEU CUMPRIR NO ANO 2015 O OBXECTIVO DE DÉFICIT**

- *A Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 0,68% do PIB, un punto menos que a media autonómica, que foi do 1,67%*
- *O Goberno autonómico mantén o seu compromiso de non superar este ano o límite de déficit comunicado polo CPFF, do 0,7%*
- *Neste 2016, Galicia mantense entre as comunidades que mellor controlan o déficit*
- *É a segunda comunidade con menor déficit acumulado dende 2012, o 4,1%, mentres que a media se situou no 6,9%*
- *Galicia acadou un aforro bruto de 205 millóns de euros, o maior de España*
- *A Xunta mantén unha media de pagamento aos provedores arredor dos 17 días*

A Conta Xeral da Comunidade galega ratifica que a Xunta volveu cumprir en 2015 o obxectivo de déficit público autorizado polo Consello de Política Fiscal y Financiera (CPFF), xa que pechou o exercicio cun déficit do 0,68%, por debaixo do límite do 0,7% fixado para o conxunto das comunidades. Ademais, o déficit de Galicia situouse un punto por debaixo da media autonómica, que foi do 1,67%, segundo o dato avanzado polo Ministerio de Facenda.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, presentou hoxe no Consello da Xunta a Conta Xeral correspondente ao ano pasado, na cal se sinala que Galicia rematou o exercicio 2015 cun déficit de 378 millóns de euros en termos de contabilidade nacional. A Conta Xeral, logo do acordo do Consello da Xunta, será remitida ao Parlamento e ao Consello de Contas.

O Goberno autonómico reafirma tamén o seu compromiso co cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para este ano, que é tamén do 0,7% do PIB, segundo foi comunicado ás comunidades autónomas no CPFF. De igual forma, a Xunta mantén a súa intención de cumprir o obxectivo comunicado para 2017, que é do 0,5%.

Ademais, no que vai de 2016, Galicia mantense entre as comunidades autónomas con menor déficit acumulado. Segundo os datos do Ministerio de Facenda publicados esta semana, Galicia é a cuarta comunidade que presenta mellor resultado ata o mes de xullo, cun superávit do 0,19%, fronte a unha media autonómica que presenta un déficit do 0,07%.

Galicia é tamén a segunda comunidade cun menor déficit público acumulado nos últimos catro anos, un 4,1%, fronte a un 6,9% que tiveron de media o conxunto das autonomías. Isto foi posible grazas ao esforzo de redución progresiva do déficit

realizado na Administración galega, que tamén está a servir para manter controlado o endebedamento público.

De feito, Galicia é a comunidade onde menos medrou o volume de débeda dende finais de 2008, o que permite aforrar cada ano en xuros uns 85 millóns de euros, que agora se poden dedicar a reforzar o gasto social e os investimentos.

### **Aforro bruto**

A Conta Xeral de 2015 tamén reflicte que Galicia acadou un aforro bruto de 205 millóns de euros. Este indicador mostra a diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes, e cando é positivo permite incrementar reforzar o gasto corrente ou de investimento reducindo o recurso á débeda.

Segundo os datos recadados pola Consellería de Facenda, Galicia foi a comunidade autónoma que acadou un maior aforro bruto no ano 2015, e unha das catro comunidades onde este indicador foi positivo.

### **Máis axilidade no pagamento a provedores**

Ademais, froito da solvencia da Comunidade Autónoma, a Xunta mantense entre as administracións autónomas que está a pagar con máis axilidade aos seus provedores. A media de pagamento situouse no mes de xuño nos 17,2 días, menos da metade que no conxunto de España (46,5 días). É dicir, a Xunta está a pagar aos seus provedores case 30 días antes que a media autonómica, segundo datos oficiais do Ministerio de Facenda.

A Xunta de Galicia remitirá agora a Conta Xeral ao Parlamento e ao Consello de Contas cumprindo a normativa en vigor, modificada o ano pasado e que establece como prazo máximo de remisión o 30 de setembro.

## **A XUNTA HUMANIZARÁ A ENTRADA EN COMPOSTELA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO PARA AVANZAR NA EXCELENCIA TURÍSTICA DA CAPITAL DE GALICIA CARA AO PRÓXIMO ANO SANTO**

- *O Consello da Xunta aprobou a folla de ruta para acometer a integración paisaxística elaborada polo arquitecto Xerardo Estévez baixo a dirección do Instituto de Estudos do Territorio*
- *A posta en valor e adecuación á contorna contan cunha estratexia aliñada co Plan estratéxico e director do Camiño de Santiago 2015-2021, con accións con criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais, socioeconómicos e de loxística urbana*
- *Sinalar que, en breve, se contactará co Concello para expoñerlles o detalle das propostas, co fin de consensuar as ditas solucións*
- *As propostas de actuación serán como mínimo tres: na intersección dos Concheiros coa avenida de Lugo, e na zona de Ponte San Lázaro, ambas no Camiño Francés; e no tránsito polo polígono do Tambre do Camiño Inglés*
- *No Camiño Inglés, na entrada ao polígono, construírase unha senda desde o comezo ata a rúa das Mulas, sen interromper os usos da zona industrial*
- *Un segundo itinerario posible, aproveitaría o tramo de baixada da rúa do Gozo cara á Costa de San Marcos (N-634), na cal se acondicionaría a marxe da estrada ata acadar San Lázaro*
- *Na chegada a San Lázaro hai dúas opcións: manter o trazado, modificar o pavimento e substituír a banda de aparcadoiro por unha axardinada, adecuando o contorno*
- *Para o Camiño Francés, o estudo propón actuacións para mellorar o aspecto estético na rúa Fonte dos Concheiros e para facilitar o cruzamento dos peóns da intersección entre a avenida de Lugo, Os Concheiros e Rodríguez de Viguri*

A Xunta, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, humanizará os treitos do Camiño de Santiago na súa entrada a Compostela co obxectivo de avanzar na excelencia turística da capital de Galicia de cara ao vindeiro Ano Santo, en 2019. O Consello da Xunta aprobou a folla de ruta para acometer a integración paisaxística en nos camiños de Santiago, no concello de Santiago de Compostela, resultado dun estudo dirixido polo Instituto de Estudos do Territorio e elaborado polo arquitecto Xerardo Estévez.

Para a posta en valor e integración paisaxística nestes contornos cóntase cunha estratexia clara e definida, aliñada co Plan estratéxico e director do Camiño de Santiago 2015 – 2021 da Xunta de Galicia, que propón as actuacións necesarias que se desenvolverán de acordo con criterios paisaxísticos, urbanísticos, culturais e socioeconómicos e de loxística urbana. Neste sentido, o obxectivo é potenciar as

oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago, construír identidade e dar resposta ás necesidades do peregrino do S XXI.

Así mesmo, sinalar que, en breve, se contactará co Concello para expoñerlles o detalle das propostas, co fin de consensuar as ditas solucións.

As ideas concretas de actuación derivadas da estratexia serán como mínimo tres, e desenvolveranse na intersección dos Concheiros coa avenida de Lugo, e na Zona de Ponte San Lázaro, ambas no Camiño Francés (e do Norte), e no tránsito polo polígono do Tambre do Camiño Inglés. Nestes ámbitos, visibilizarase a traza do Camiño, de modo que sexa claramente identificable, e favorecerase o tránsito dos peregrinos intervindo sobre o propio camiño e a súa contorna.

Ademais, traballarase para concertar as propostas da estratexia con todas as intervencións que se vaian realizar por parte das administracións que poidan afectar o Camiño, de modo que se poidan achegar melloras en positivo para elas, dun modo coordinado.

Este traballo encádrase nunha liña de traballo prioritaria a día de hoxe para a Xunta de Galicia, e coordínase con outras iniciativas na Comunidade Autónoma, das que destacan dúas: desenvolve o previsto no Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021, e deberá apoiarse e dar conta deste á Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago.

### **Camiño Inglés: entrada ao polígono do Tambre**

Na entrada a Santiago, o trazado do Camiño Inglés atravesa o polígono industrial do Tambre polas rúas Galileo e das Mulas, na cal se atopa o cemiterio de Boisaca.

Na vía de Galileo, en especial na súa primeira metade, mestúranse as entradas ás naves existentes con zonas de aparcadoiro, en moitos casos desordenadas, sen apenas espazo en moitos tramos para a circulación dos peóns, que deben circular –sorteando os frecuentes obstáculos- por unha antiga beirarrúa interrompida en numerosos puntos polos accesos e zonas destinadas ao estacionamento.

Como solución a estas carencias propónse intervir creando unha senda de peregrinación desde o comezo do polígono ata a rúa das Mulas, claramente diferenciada con pavimentos terrosos e separada dela cunha sebe para unha mellor integración paisaxística. A senda non interromperá os usos do polígono, manténdose as entradas ás naves, aínda que a continuidade do itinerario peonil dará prioridade ao peón. A actuación complementarase coa reordenación e acondicionamento das zonas de aparcadoiro.



Estado actual




Proposta de intervención



Na rúa das Mulas, na cal se atopan o tanatorio e o cemiterio de Boisaca a proposta dá continuidade á senda de peregrinación. Neste tramo, ademais do cómaro de separación entre a calzada e a senda peonil, crearase unha segunda banda vexetal que separa esta da explanada da entrada posterior do cemiterio, que serve de aparcadoiro. Dotarase así ao conxunto de maior intimidade.

Estado actual

Proposta de intervención



### **Camiño Francés: Monte do Gozo- Ponte San Lázaro**

O estudo apunta varias posibles alternativas para mellorar a integración do Camiño e tamén a súa accesibilidade, dende o tramo final da rúa do Gozo ata San Lázaro.

No tramo final da rúa do Gozo, propónse a eliminación da escaleira de pedra existente, inaccesible para persoas con mobilidade reducida pero tamén para peregrinos a cabalo ou en bicicleta. No seu lugar, executaríase unha pasarela (a nivel do terreo, para minimizar os soportes) con planta en zig-zag para acadar unha maior lonxitude e que resulte accesible. Un segundo itinerario posible, aproveitaría o tramo de baixada da rúa do Gozo cara á Costa de San Marcos (N-634), na cal se acondicionaría a marxe da estrada ata acadar San Lázaro.

Estado actual



Proposta de intervención



Na chegada a San Lázaro, esbózanse dúas alternativas: na primeira, manteríase o trazado que utilizan hoxe en día os peregrinos pola rúa San Lázaro, pero modificando o pavimento e substituíndo a banda de aparcadoiro por unha axardinada, ata acadar a glorieta, na cal se podería ampliar a beirarrúa actual. Na segunda opción, desviaríase a traza pola rúa Cañeira, acondicionando o contorno.

### **Camiño Francés, rúa dos Concheiros**

O estudo propón distintos tipos de actuacións co obxecto de mellorar o aspecto estético do Camiño na rúa Fonte dos Concheiros, e para facilitar o cruzamento dos peóns da intersección entre a av. Lugo, Os Concheiros e Rodríguez de Viguri.

No primeiro caso, desde un punto de vista máis arquitectónico e para a mellora da paisaxe, salienta o impacto negativo das fachadas traseiras da rúa Home Santo cando o peregrino camiña pola rúa das Fontiñas cara á rúa de Fonte dos Concheiros, e apunta solucións como a plantación de árbores para ocultar no posible a visibilidade das fachadas, ou a mellora das fachadas, con pintura ou unha nova pel arquitectónica.

Estado actual

Proposta de intervención



O estudo analiza a problemática da intersección existente entre a avenida de Lugo, Os Concheiros e Rodríguez de Viguri, na cal a regulación semafórica con que conta para regular o intenso tráfico existente dificulta o cruzamento dos peóns.

Para mellorar esta situación, esbózanse posibles solucións que pretenden facilitar o tránsito peonil no cruzamento, habilitar novos espazos de aparcadoiro (para o que se

podería executar un aparcadoiro soterrado na propia intersección ou na súa contorna), e alixeirar o tráfico na intersección, construíndo para iso un paso inferior.

### **Cronograma dos traballos**

Co obxectivo de que estas actuacións sexan unha realidade no ano 2020, prevese un desenvolvemento en tres etapas:

- Primeira etapa (setembro – decembro de 2016): definición das actuacións a realizar na zona do cruzamento dos Concheiros coa avenida de Lugo, e concertación da estratexia coas actuacións en proxecto ou en desenvolvemento por outras administracións. Esta primeira fase vén de iniciarse, e xa foi contratado o estudo de alternativas para a reordenación da intersección de Concheiros coa Avenida de Lugo, que se está a desenvolver.
- Segunda etapa (xaneiro – decembro de 2017): redacción dos proxectos de execución das actuacións propostas, cando menos, nas tres zonas identificadas como prioritarias na estratexia.
- Terceira etapa (xaneiro 2018 – decembro de 2019): execución material das actuacións propostas, e se fora posible estendéndooas a outros puntos dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela.

## A XUNTA APOIA A CREACIÓN DE NOVAS ACELERADORAS SECTORIAIS PARA CONSOLIDAR A CULTURA EMPRENDEDORA EN MATERIA DE INNOVACIÓN EN GALICIA

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria destina 1,1 millóns de euros a esta nova iniciativa que potenciará, a través dun mínimo de catro aceleradoras, a investigación e a mellora da competitividade de 25 pemes galegas*
- *Poñerase en marcha unha convocatoria que ofrecerá, por primeira vez en Galicia, axudas ás entidades privadas que desenvolvan actividades de aceleración de proxectos empresariais innovadores*
- *Poderán participar empresas con domicilio social ou con centro de traballo en Galicia e que contén con experiencia na realización de programas de aceleración*
- *Ademais das axudas establecidas na convocatoria, os tres mellores proxectos empresariais de cada aceleradora terán a posibilidade de acceder a un préstamo participativo de Xesgalicia de ata 50.000 euros*
- *A nova proposta, da cal foi informado hoxe o Consello da Xunta, enmárcase dentro da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e aposta por continuar a colaboración público-privada para fomentar a cultura emprendedora no eido da innovación*
- *Complementa outras aceleradoras impulsadas desde a Xunta como Vía Galicia, Agrobiotech, a Business Factory Auto e os sete espazos coworking nos cales, coa colaboración da Escola de Organización Industrial, se asesorarán e formarán 1.750 emprendedores*
- *A Xunta leva investido na Rede de Aceleradoras 12 millóns de euros que teñen permitido apoiar máis de 500 proxectos nos últimos catro anos*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsará con 1,1 millóns de euros un programa pioneiro de axudas ás aceleradoras para apoiar ao emprendemento innovador en Galicia, ao tempo que contribúe a potenciar a investigación e a mellorar a competitividade das pemes galegas.

Por unha banda, a Axencia Galega de Innovación poñerá en marcha, cun orzamento de 500.000 euros, unha nova convocatoria, aliñada coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), coa que ten previsto colaborar cun mínimo de catro aceleradoras sectoriais, que percibirán ata 125.000 euros cada unha para o impulso e o apoio a un total de arredor de 25 proxectos empresariais. Ademais das axudas establecidas na convocatoria, os tres mellores proxectos empresariais de cada aceleradora terán a posibilidade de acceder a un préstamo participativo de Xesgalicia de ata 50.000 euros.

As aceleradoras apoiadas deberán ser empresas con domicilio social ou con centro de traballo en Galicia, que realicen actividades de aceleración de proxectos de innovación e que conten con experiencia neste eido.

A Axencia Galega de Innovación, que non intervirá na xestión dos distintos programas de aceleración, prestará este apoio económico a iniciativas privadas e de ámbito sectorial como exemplo da súa aposta pola colaboración publico-privada para fomentar o emprendemento innovador. De feito, trátase da primeira vez en Galicia na que se proxecta unha convocatoria que ofrecerá axudas ás entidades privadas que desenvolvan actividades de aceleración de proxectos empresariais innovadores.

A convocatoria de Gain, da que hoxe se informa no Consello da Xunta, publicarase no Diario Oficial de Galicia e abrirase un prazo dun mes para a presentación de solicitudes. Para a selección das aceleradoras, que serán de temáticas específicas e impulsadas polo propio sector ao que pertencen, inclúense criterios de valoración como a experiencia previa nas actividades de aceleración, as metodoloxías de aceleración aplicadas, os recursos humanos e materiais dispoñibles, a especialización nun sector ou temática aliñada cos retos e prioridade da RIS3 para Galicia, o potencial de coinvestimento privado que colabore no programa de aceleración e a capacidade de internacionalización.

A Xunta segue así o camiño fixado na Lei de emprendemento e no labor da Unidade Galicia Emprende, potenciando a cultura emprendedora en Galicia. O mapa galego de emprendemento complétase con outras aceleradoras impulsadas desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria, como son os casos de Agrobiotech, especializada no arranque de empresas con gran potencial en ámbitos como a biotecnoloxía, a agroalimentación e a biomasa, con sedes en Lugo e Ourense; Vía Galicia, unha aceleradora de emprendemento innovador na que a Xunta colabora co Consorcio da Zona Franca, con sedes en Vigo e Lugo; *Galicia Open Future*, dedicada en Santiago ao emprendemento tecnolóxico e na que colabora con Telefónica; *Connecting for Good Galicia*, que se desenvolve en Santiago con Vodafone; ou a *Bussines Factory Auto*, un proxecto de recente creación en Vigo no que tamén participan Citroën, o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e o Consorcio da Zona Franca.

Tamén se están poñendo en marcha en Galicia sete espazos *coworking* a través do Igape e da Escola de Organización Industrial para asesorar e formar 1.750 emprendedores repartidos entre Ferrol, Cabana de Bergantiños, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Celanova, Xinzo de Limia e Santiago.

En total, coas iniciativas xa en marcha a Xunta leva investido na Rede de Aceleradoras 12 millóns de euros que teñen permitido apoiar máis de 500 proxectos nos últimos catro anos.

## **A CONSELLERÍA DE SANIDADE ADQUIRIU 530.000 DOSES DE VACINA ANTIGRI PAL PARA A CAMPAÑA DESTE ANO**

- *Iniciarase o vindeiro 24 de outubro e rematará o 23 de decembro*
- *O principal obxectivo é minimizar o impacto en saúde da gripe na poboación mediante a prevención, tentando diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas de padecela*
- *Máis de 1.700 galegos ingresaron na pasada tempada de gripe, moitos na UCI e a maioría non vacinados*

A Consellería de Sanidade adquiriu este ano un total de 530.000 doses de vacinas antigripais, das cales 290.000 corresponden á vacina antigripal convencional que pode ser utilizada a calquera idade a partir dos 6 meses de vida, e 240.000 doses de vacina intradérmica utilizada nas persoas ingresadas en residencias da terceira idade e no resto de persoas maiores de 75 anos. O orzamento total para a compra destas vacinas ascende a 1.897.688 € (IVE incluído).

Como todos os anos, a Consellería de Sanidade ten previsto poñer en marcha a campaña de vacinación antigripal correspondente ao 2016 o vindeiro 24 de outubro cunha duración de nove semanas (ata 23 de decembro).

O principal obxectivo desta campaña é minimizar o impacto en saúde da gripe na poboación galega mediante a súa prevención, tentando diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas de padecela. A vacina da gripe ten un importante beneficio en canto que reduce a incidencia desta enfermidade pero moi especialmente diminúe a frecuencia de complicacións secundarias e, así mesmo, o risco de hospitalización e morte relacionada coa gripe nas persoas maiores, con ou sen condicións médicas de risco, e noutras persoas con patoloxías previas. Neste senso hai que recordar que máis de 1.700 galegos ingresaron na pasada tempada de gripe, moitos en coidados intensivos, a maioría non vacinados.

Neste ano 2016 manteranse as indicacións de vacinación das campañas dos últimos anos, ofertando a vacinación a todas as persoas con maior risco de padecemento da enfermidade e as súas complicacións: persoas de 60 ou máis anos e persoas menores desa idade pertencentes aos grupos de risco (persoas con patoloxías crónicas cardíacas, respiratorias, renais, endócrinas... persoas con cancro ou outras inmunodeficiencias, persoas con obesidade mórbida, persoas con disfunción cognitiva...); tamén a persoas con posibilidade de transmisión a grupos de risco, entre os que se atopa o persoal sanitario, e traballadores esenciais para a comunidade.

Para que toda a poboación diana teña garantido un fácil acceso a esta vacina, a Consellería de Sanidade contará con 900 puntos de vacinación repartidos por toda a

comunidade: centros de saúde e hospitais da rede Sergas, centros sanitarios privados, residencias da 3ª idade e outros centros con residentes susceptibles de beneficiarse desta vacinación, centros penitenciarios, etc.,

A composición da vacina antigripal cambia todos os anos e as vacinas que se empregarán nesta campaña foron xa adquiridas, como os últimos anos a través do acordo marco coordinado polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade ao que se adheriu unha vez máis a nosa comunidade, consolidándose así o aforro nos custos asociados á adquisición da mencionada vacina.



## **A XUNTA DESTINA ESTE ANO 300.000 EUROS A APOIAR OS PROGRAMAS DE CALIDADE DOS CONSELLOS REGULADORES**

- *O Consello do Goberno galego coñeceu un informe sobre a tramitación destas achegas, que beneficiarán 16 entidades e que xa comezaron a pagarse*

A Xunta destina este ano un total de 300.000 euros a subvencionar os programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas. Nesta convocatoria incrementáanse os fondos nun 33% con respecto ao pasado ano. Destas axudas beneficiáronse 16 entidades galegas, que realizaron, en conxunto, un investimento de 600.000 euros para esta finalidade.

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a tramitación destas achegas, que xa comezaron a aboarse. Está previsto rematar os pagamentos no que queda de mes de setembro e ao longo do vindeiro outubro.

Estas subvencións destínanse a financiar os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados, algo que resulta fundamental na credibilidade da denominación, pero que representa un importante custo para os consellos reguladores.

A potenciación das nosas producións agroalimentarias, e nomeadamente as acollidas aos diferentes indicativos de calidade, axuda a crear unha imaxe positiva de Galicia que repercute de xeito favorable en toda a economía da Comunidade Autónoma. No resto de España os consumidores asocian Galicia con alimentos de calidade e a nosa gastronomía é unha das razóns principais polas que nos veñen visitar. Todo iso repercute de xeito positivo no conxunto da cidadanía.

O sector dos produtos agroalimentarios de calidade (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e produtos ecolóxicos) implica preto de 30.000 titulares de explotacións agrícolas e gandeiras e máis de 900 industrias, que facturan uns 370 millóns de euros. Estes produtos son o buque insignia da nosa produción agroalimentaria e a súa boa imaxe facilita o acceso ao mercado do conxunto da produción alimentaria galega.

## **A XUNTA DESTINA 7 MILLÓNS DE EUROS A REPOÑER OS DANOS DOS LUMES FORESTAIS E A COMPENSAR AS PERDAS REXISTRADAS**

- *O Consello do Goberno galego avaliou hoxe dous informes da Consellería do Medio Rural sobre estas medidas*
- *Estes fondos serven para rexenerar as áreas queimadas mediante a aplicación de diversas actuacións urxentes –xa en marcha– de control de riscos hidrolóxicos erosivos e tamén para paliar, mediante axudas a particulares, os danos causados polo lume*

A Xunta actúa para facer fronte aos incendios forestais antes, durante e despois de se produciren. Nesta liña, o Consello do Goberno galego avaliou hoxe dous informes da Consellería do Medio Rural sobre as axudas para a reposición dos danos causados polo lume e tamén sobre as actuacións urxentes para a recuperación do potencial forestal en zonas afectadas por esta problemática.

En total, Medio Rural destina preto de 7 millóns de euros a estas medidas. Case 6 millóns son para rexenerar as áreas queimadas, mediante a aplicación de diversas actuacións urxentes –xa en marcha– de control de riscos hidrolóxicos erosivos, que atallen os danos e contribúan a recuperar o potencial forestal.

Ademais das actuacións específicas de consolidación de solos, executaranse outras accións, como sementados rexenerativos, eliminación de madeira queimada sen valor de mercado para mellorar a posterior rexeneración do arborado ou aproveitamento da madeira recuperable. Por outro lado, melloraranse as infraestruturas forestais das zonas queimadas, reparando os fosos e as obras de paso para facilitar a capacidade de evacuación de augas.

Desde o punto de vista de recuperación de infraestruturas de protección dos terreos forestais establécense tamén a recuperación de peches gandeiros afectados, incluíndo a substitución dos queimados e as súas infraestruturas complementarias.

As zonas principais de avaliación serán as superficies queimadas nos incendios producidos no ano 2016 cunha superficie que supera as 100 has e actúase nos que, tendo en conta criterios de priorización, sexa necesario tomar as medidas oportunas.

### **Axudas para compensar perdas**

Medio Rural destina tamén 1 millón de euros á compensación das perdas rexistradas por particulares por mor dos lumes. En concreto, estas achegas servirán para a reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados, así como para paliar os danos rexistrados nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Estas axudas centraranse na reparación da maquinaria e equipamento agrícola ou forestal danada en tarefas de colaboración na extinción dos incendios forestais ou ocasionados por estes. Tamén, en compensar os gastos de almacenamento da madeira queimada e para a reparación de bens, maquinaria, equipamento ou medios de produción das explotacións agrícolas ou gandeiras. Así mesmo, os fondos destinaranse a subvencionar a perda total ou parcial da produción agrícola, a cubrir a morte de gando ou a perda de colmeas das explotacións gandeiras e apícolas e á adquisición de alimentación complementaria para o gando en extensivo ou as colmeas nas zonas afectadas.

## MAR SUBVENCIONARÁ ATA O 50% DAS MELLORAS QUE REALICEN AS PEMES DE TRANSFORMACIÓN QUE FOMENTEN A PESCA E ACUICULTURA SUSTENTABLES

- *A elas a Consellería do Mar destina 6,8 millóns de euros e serán subvencionables os proxectos que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, que melloren a seguridade, hixiene, saúde e as condicións de traballo, entre outros aspectos*
- *Esta medida forma parte dun conxunto de nove ordes de axudas que foron analizadas hoxe nun informe no Consello da Xunta e que supoñen un importe total de case 29 millóns de euros*
- *Destas ordes, oito saen publicadas entre hoxe e mañá no Diario Oficial de Galicia (DOG)*
- *Por outra banda, os novos acuicultores que creen por primeira vez unha pequena empresa acuícola que practique unha actividade sustentable poderán beneficiarse de axudas por importe de 2 millóns de euros*
- *Ademais, no eido pesqueiro, os menores de 40 anos poderán beneficiarse de axudas para a adquisición do seu primeiro barco pesqueiro*
- *Tamén haberá unha liña de 4,7 millóns de euros destinada a investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros*
- *Este conxunto de axudas está deseñado ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), do que Galicia dispón de máis de 371 millóns de euros, preto do 50% do distribuído entre as comunidades autónomas*

A Consellería do Mar subvencionará ata o 50% das melloras que realicen as pequenas e medianas empresas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura e que fomenten a sustentabilidade ambiental. Así o reflicte un informe analizado hoxe polo Consello da Xunta que recolle un conxunto de nove ordes de axudas por importe total de case 29 millóns de euros de subvencións para mellorar a actividade pesqueira e acuícola galega, ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP). Destas ordes, oito saen publicadas entre hoxe e mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Ás axudas para pemes de transformación a Consellería do Mar destina 6,8 millóns de euros. Serán obxecto delas os proxectos que contribúan a aforrar enerxía ou reducir o impacto no ambiente, que melloren a seguridade, hixiene, saúde e as condicións de traballo das plantas e que axuden á transformación de capturas de peixe comercial que non se poida destinar ao consumo humano. Tamén aqueles investimentos relacionados coa transformación de produtos de acuicultura ecolóxica, así como aquelas que dean lugar a novos e mellores produtos, procesos e sistemas de xestión e organización, entre outros.

No eido da acuicultura, as axudas establecidas teñen como finalidade promover unha actividade sustentable e respectuosa co ambiente. En total, a través de cinco ordes de axudas a Consellería do Mar poñerá á disposición deste sector máis de 15 millóns de euros. Desa cantidade, 8 millóns de euros destínanse a investimentos produtivos de empresas acuícolas que busquen diversificar a produción acuícola e as especies cultivadas e modernizar os seus centros. Tamén a investimentos que axuden a diversificar os ingresos das empresas mediante o desenvolvemento de actividades complementarias.

Ademais, as empresas de acuicultura que invistan en sistemas que contribúan a reducir o impacto ambiental, que promovan efectos positivos no ambiente e a redución de uso de auga, entre outros aspectos, poderán beneficiarse de 3,5 millóns de euros. A estas súmanse as achegas que promoven o uso de fontes de enerxía renovable e a eficiencia enerxética por importe de 1,2 millóns de euros.

Por outra banda aos novos acuicultores que creen por primeira vez unha pequena empresa que practique unha actividade sustentable destínanse 2 millóns de euros. Ademais a Xunta subvencionará con axudas por importe de 380.000 euros a empresas que contraten servizos de asesoramento técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico e que contribúan a mellorar o rendemento das explotacións acuícolas e a reducir o impacto ambiental.

### **Frota**

Para o ámbito pesqueiro, a Consellería do Mar establece axudas para tripulantes e propietarios de buques pesqueiros. No caso dos tripulantes fomentará a adquisición do primeiro barco pesqueiro para menores de 40 anos que queiran mercar unha embarcación a través dunha liña de axudas de 500.000 euros cos cales se poderá financiar ata o 25% do custo dun barco.

Para poder acceder a estas subvencións, os interesados deben ter traballado polo menos cinco anos como mariñeiro ou ter a titulación profesional exixida segundo a embarcación que se queira mercar. Esta liña de subvencións enmárcase dentro dunha orde de axudas que tamén recolle 300.000 euros para compensar aqueles tripulantes que traballasen a bordo de buques que paralizaron a súa actividade.

Dentro do conglomerado destas achegas tamén haberá unha liña de 4,7 millóns de euros destinada a investimentos que fomenten a pesca sustentable para os propietarios de buques pesqueiros. Así, ao abeiro delas poderanse subvencionar actuacións que melloren as condicións de traballo e seguridade dos buques e aqueles relacionados coa eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático, entre outros.

Ademais, as organizacións profesionais do sector dos produtos da pesca e da acuicultura poderán beneficiarse neste ano de 1,6 millóns de euros para a preparación e aplicación dos seus plans de produción e comercialización.

### **Fondo Europeo Marítimo e da Pesca**

O Fondo Europeo Marítimo e da Pesca é o novo fondo das políticas marítima e pesqueira da Unión Europea para o período 2014-2020. Vén substituír o anterior Fondo Europeo de Pesca e busca fomentar a pesca sustentable, a diversificación das economías pesqueiras, financiar proxectos para crear emprego e mellorar a calidade de vida das comunidades pesqueiras.

Galicia dispón de máis de 371 millóns de euros deste fondo, preto do 50% do distribuído entre as comunidades autónomas. Esta cifra dá conta da importancia e do peso do sector pesqueiro galego a nivel comunitario.